9	O proxecto emprendedor.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Presentar un proxecto emprendedor viable a partir dos coñecementos adquiridos e os recursos dispoñibles.	TI	100
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planificar o proxecto de empresa presentado.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Analizar a viabilidade do proxecto presentado.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Realizar un estudo de viabilidade do produto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.</li> <li>- Desenvolvemento áxil do produto.</li> <li>- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.</li> <li>- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.</li> <li>- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.</li> <li>- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.</li> </ul>

## Contidos

- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.
- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado. Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías. Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas. Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais. Fomentarase a participación do alumnado na aula, creando clases interactivas nas que a explicación por parte da docente se alterne coa intervención do alumnado, para que este poida chegar ao coñecemento de xeito cada vez máis autónomo.

Todo isto verá a súa aplicación, fundamentalmente, na realización dun proxecto que se realizará ao longo do curso. Este consistirá na creación dunha cooperativa educativa por parte do alumnado de Economía, para así poder traballar tanto os contidos da materia, como as competencias relacionadas co traballo individual, a iniciativa emprendedora... Así poderán ademais aplicar os contidos visto na aula á realidade, e observar de primeira man o que significa aplicar ditos contidos á realidade.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:



- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro
Apuntamentos ou diapositivas do docente
Caderno do alumnado
Proxecto educativo
Material audiovisual (imaxes, vídeos, documentais...)
Gráficas
Actividades complementarias

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto ou os contidos da Aula Virtual son un importante apoio para o profesorado, xa que aglutinan todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrecen diversas e numerosas actividades a desenvolver. Usarase como base para a elaboración dos materiais por parte do profesorado, que elaborará diapositivas para facilitar o desenvolvemento das clases e o estudo por parte do alumnado.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo ou libreta onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo, a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e perfectamente adaptábeis aos contidos que se están a impartir e é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias, pois ofrecen moitas vantaxes, pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable. Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

Ademais, participábase no desenvolvemento dun proxecto, xa explicado, co cal traballaremos os contidos da materia, así como as competencias do alumnado e os obxectivos.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado. Tamén se realizará unha pequena proba ao inicio de cada unidade, que consistirá en preguntas abertas realizadas en voz alta, para ver o nivel de coñecementos que ten o alumnado de cada unidade didáctica. A avaliación inicial serve para dar información sobre o nivel xeral da clase, sobre o nivel de cada alumno/a e sobre posibles dificultades que poidan existir.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	60	60	60	60	60	60	40	0	<b>49</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	40	40	40	40	40	40	60	100	<b>51</b>

#### Criterios de cualificación:

Cada unidade ten un peso no total do curso, que será similar para todas as UDs. Os criterios de avaliación avaliaranse mediante probas escritas (cun peso dun 60%) e táboas de indicadores (40%). Os instrumentos de avaliación teñen unha % de peso na avaliación final: 60% exames e 40% outras probas (exercicios, traballos, proxectos...). De todas formas, isto poderá variar nalguna unidade didáctica, por exemplo, a número 8, onde o traballo na aula, baseado na proposta de ideas e solucións innovadoras e creativas é moi alto; nesta unidade o peso das probas será superior á do exame. Tamén na unidade 9, que se centra no desenvolvemento dun proxecto e, polo tanto, todo o peso da nota estará centrado en dito proxecto e non nun exame.

As probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de resolver exercicios relacionados coa materia; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuírá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; actividades realizadas no caderno; resumos e esquemas; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Ademais, a maior parte da

puntuación desde apartado estará relacionado co proxecto que se pretende realizar na aula ao longo do curso, que consiste na creación dunha cooperativa educativa por parte do alumnado de Economía. Neste proxecto, o alumnado traballará gran parte dos contidos da materia, así como porá en práctica as súas aptitudes emprendedoras.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación=  $[(\text{Media Ex.} \times 60) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 40)] / 100$ .

Isto variará na terceira avaliación, debido á variación das porcentaxes das unidades 8 e 9.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo, tendo en conta que cando o decimal é superior a 5, o redondeo irá á alza e, pola contra, se é igual ou inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa, levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final=  $[(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33)] / 100$ .

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nunha proba escrita final na que se examinarán os principais criterios de avaliación das unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser de 5 ou superior (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

No caso de que un alumno/a sexa visto copiando nun exame (sexa con papeis escritos, auriculares, mirando ao compañeiro...) o exame seralle retirado e a cualificación de dito exame será dun 0, sendo esta a nota que conte cando se fagan as medias trimestrais.

Co alumnado que non aprobe as avaliacións (é dicir, que non acade unha nota media dun 5) levarase a cabo un plan de recuperación, en función do aspecto principal que levou ao alumnado a non superar a avaliación. Se ten suspensa a parte avaliada con táboas de indicadores, deberá realizar algunhas actividades sobre os contidos a tratar, que serán avaliadas con rúbricas. Se ten suspensa a parte avaliada con probas escritas, deberá realizar un exame con preguntas sobre os aspectos máis importantes de cada unidade. Será cualificado nunha escala de 1 a 10. Tamén pode darse o caso de que o/a alumno/a deba recuperar ambas partes. As porcentaxes de cada parte seguirán o valor indicado nos criterios de cualificación.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse á recuperación extraordinaria ao final de curso. Esta avaliación consistirá nunha proba escrita na que se examinarán os principais criterios de avaliación das unidades didácticas e tamén nos traballos a presentar polo alumnado. De todas formas, se o traballo xa foi entregado e valorado positivamente na recuperación da avaliación, o alumnado deberá presentarse só ao exame; en caso contrario, si debe realizalo de novo.

A cualificación final deberá ser de 5 ou superior para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

No caso de que un alumno/a sexa visto copiando nun exame (sexa con papeis escritos, auriculares, mirando ao compañeiro...) o exame seralle retirado e a cualificación de dito exame será dun 0, sendo esta a nota que conte cando se fagan as medias trimestrais. Ademais, a ausencia aos exames deberá ser xustificada cun xustificante médico, para poder realizar a proba noutro momento. De non ser o caso, a materia correspondente a ese exame deberá ser examinada ao final do trimestre, xunto coas recuperacións.

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións (é dicir, que non acade unha nota media dun 5) levarase a cabo un plan de recuperación, en función do aspecto principal que levou ao alumnado a non superar a avaliación. Se ten suspensa a parte avaliada con táboas de indicadores, deberá realizar algunhas actividades sobre os contidos a tratar, que serán avaliadas con rúbricas. Se ten suspensa a parte avaliada con probas escritas, deberá realizar un exame con preguntas sobre os aspectos máis importantes de cada unidade. Será cualificado nunha escala de 1 a 10. Tamén pode darse o caso de que o/a alumno/a deba recuperar ambas partes. As porcentaxes de cada parte seguirán o valor indicado nos criterios de cualificación. Levarase a cabo un redondeo da cualificación á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse á recuperación extraordinaria ao final de curso. Esta avaliación consistirá nunha proba escrita na que se examinarán os principais criterios de avaliación das unidades didácticas e tamén nos traballos a presentar polo alumnado. De todas formas, se o traballo xa foi entregado e valorado positivamente na recuperación da avaliación, o alumnado deberá presentarse só ao exame; en caso contrario, si debe realizalo de novo.

A cualificación final deberá ser de 5 ou superior para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

**Ordinarias.** Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Pode ser a adecuación da xestión da aula, da metodoloxía, dos tempos, un reforzo educativo...

**Extraordinarias.** Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes. Faranse en colaboración co departamento de Orientación.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adaptan ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto, traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos. Deberán ser tratados tanto a través dos contidos, como a través do respecto e a actitude na aula.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado. O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha empresa	Visita a unha empresa da contorna para observar e comprender o seu funcionamento		X	
Participación en programas de innovación educativa	Elaboración dun proxecto emprendedor coa axuda de SEARA	X	X	X
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións	Charlas de emprendedores ou empresas sobre contidos relacionados	X		

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado. Deben servir tamén para aprender ou afianzar os contidos do currículo. Para esta materia propónse a visita a unha empresa, charlas formativas e a participación nun programa de innovación educativa. De todas formas, as posibles actividades complementarias propostas levaranse a cabo en función das posibilidades do centro, do alumnado e dos recursos dispoñibles na contorna.

As actividades complementarias que se realicen dentro do horario escolar terán carácter obrigatorio. A non asistencia a elas implicará a realización dun traballo relacionado coa temática a tratar na actividade.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da dificultade dos contidos ao nivel do alumnado

Trabállanse as competencias e os elementos transversais
Adecuación da programación didáctica ao currículo
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.
Ofrece oportunidades de recuperación.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Planifica as leccións e explica con claridade
Os materiais e recursos empregados son atractivos e variados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
As actividades foron variadas e motivadoras.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Poténciase o traballo individual e grupal
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
Valórase o esforzo
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
As clases adáptanse á diversidade do alumnado
<b>Clima de traballo na aula</b>
Crea ambiente de aprendizaxe
Mantense o contacto co alumnado para coñecer dificultades, dúbidas...
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Hai colaboración con outros docentes ou departamentos.
Mantense o contacto coas familias en caso necesario.

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. Haberá unha heteroavaliación e unha autoavaliación. A heteroavaliación é realizada polo alumnado e consistirá nunha serie de preguntas (cuestionario cunha escala de valoración do 1 ao 5) relacionadas con aspectos como a metodoloxía seguida (variada, entretida, adecuada), as actividades realizadas (variadas,

motivadoras), a comprensión das explicacións, a claridade dos criterios de cualificación... A autoavaliación é realizada polo propio docente, mediante unha serie de preguntas (cuestionario cunha escala de valoración do 1 ao 5) relacionadas coa programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación), o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos...) e a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.).

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**